

COMISIÓN PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN E PREVENCIÓN DO INTRUSISMO CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG Nº 264 (marzo 2017)

▪ A Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia puxo en marcha no mes de febreiro o apartado “Stop Intrusismo COPG” na páxina web do Colexio, no cal calquera usuario ou usuaria que o desexe pode informar de casos de posible intrusismo profesional na nosa profesión. Podes consultar á páxina no enlace <https://copgalicia.gal/formulario/stop-intrusismo-copg-formulario-denuncia-intrusismo>

Baixo o lema “Stop Intrusismo COPG” queremos ofrecer a posibilidade de que no caso de que teñas coñecemento dalgún posible caso de intrusismo, xa sexa de carácter de profesionais non colexiados/as exercendo a profesión ata profesionais doutro ámbito exercendo a psicoloxía ou actividades propias da nosa profesión, contemos coa túa colaboración e nolo notifiques para que poidamos realizar as pesquisas e accións que sexan oportunas desde o Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo do COPG.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e desde a Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo pretendemos erradicar o intrusismo profesional na nosa profesión e poder ofrecer ás persoas usuaria do servizo a seguridade de ser atendidas por profesionais con titulación axeitada para garantirlles a mellor calidade.

▪ Por outra parte, informamos de que o Grupo de Traballo entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia reuniuse novamente o pasado 5 de febreiro. Séguese traballando conxuntamente para abordar as temáticas do tratamento do sufrimento humano nos medios de comunicación desde os dous ámbitos profesionais coa finalidade da redacción dun documento conxunto para a súa posterior difusión.